


A recuperación da Aguia real (*Aquila chrysaetos*) na Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (SW Galicia e NW Portugal).


ALBERTO GIL, ERNESTO ÁLVAREZ, MANUEL GALÁN, JUAN J. IGLESIAS, FERNANDO GONZÁLEZ, LUIS TAPIA.



Fontes: L. Tapia, A. Gil, GREFA

Período	Nº parellas Gz	Nº parellas Gerês/Xurés
70s	4-6	7
1980-1987	4-6	3-4
1990-1992	4-7	2-3
1993-1997	4-7	1
1998-2002	5-6	1
2003-2007	5-8	0
2013	15	3


Fontes: M.Pimenta, Lima & Wagner, Fontoura, M. Danta, Fco Alvares, J Guitián, J. Romero, J.M. Mariño, L. Tapia, A. Gil, GREFA



Fontes: L. Tapia, A. Gil, GREFA

A aguia real *Aquila chrysaetos* deixou de nidificar no territorio do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés a finais do anos 60, a evolución da especie na área contigua do Parque Nacional Peneda-Gerês foi en decrecemento ata que no ano 1997 foi constatada a nidificación dunha parella que permaneceu no territorio ate 2003. Dentro da área da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés existen entre 9 e 12 territorios históricos de aguia real.

O programa de recuperación da aguia real no Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, está baseado na liberación de exemplares criados en cativeiro no Centro de Reprodución de GREFA, e é desenvolvido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza en colaboración con GREFA e apoio de REE. Os exemplares son liberados polo método do hacking, equipados con emisores VHF e/ou GPS.



Realízase un seguimento da poboación mediante estacións de observación e transectos, avaliación da disponibilidad de presas, implementáronse medidas correctoras e de mellora do hábitat.

Este programa permitiu o asentamento da especie neste espazo natural, rexistrando a presenza dunha parella en 2007, e intentos de cría da especie neste territorio dende 2011. Confirmouse a nidificación de dúas parellas en 2013. Actualmente voan na área 3-4 parellas territoriais de aguia real así como varios individuos que conforman a poboación flotante e que semella están definindo o que será o seu territorio.

No ano 2013 como resultado do seguimento dos individuos liberados puidose comprobar a presenza de:


Unha parella conformada por unha femia liberada en 2009 (Verea) e un macho liberado en 2006 (3PL), conseguiron voar un pito en 2013.

Unha parella conformada por unha femia liberada en 2010 (Queixa) e un macho de orixe descoñecida, sacando adiante un pito en 2013.

A parella establecida no NE do PNP (conformada por Eufemia, 2008) abandonou o territorio na primavera de 2013, establecendo un novo territorio na comarca de Omaña N de León.

Unha parella foi localizada no SL do PNP en 2013, sen poder determinar a orixe dos individuos.

Tres exemplares liberados no Xurés, emparellaron fora dos límites da Reserva da Biosfera Transfronteiriza.



Pito de aguia real no Hacking (2013)



Pitos de aguia nados nas instalacións de GREFA



Pito de aguia real nado no Xurés/Gerês en 2013